

## ORIENTACIÓN ACADÉMICA

### DESCRICIÓN DAS MATERIAS OPTATIVAS OFERTADAS POLO

#### DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

- FÍSICA E QUÍMICA 4º ESO:

Aínda que ambas ciencias entrelázanse ao comezo do curso, en poucas palabras podemos dicir que a Química céntrase no estudo da materia, e a Física estuda calquera fenómeno da natureza, dende o máis pequeno até o máis grande. Deste xeito, o curso divídese en dúas partes:

- **Química:** estudo do átomo, a táboa periódica dos elementos, o enlace químico, a formulación de compostos orgánicos e inorgánicos, e as reaccións químicas.

- **Física:** estudo do movemento dos corpos (cinemática) e de como este vese afectado polas forzas (dinámica), ademais do estudo de forzas e presión en fluídos, e do concepto de enerxía.

Haberá tamén **actividades de laboratorio** relacionadas cos conceptos e procedementos impartidos na aula de referencia.

Os contidos impartidos neste curso formarán os alicerces básicos para afrontar cunha certa bagaxe conceptual previa a materia de Física e Química de 1º de bacharelato. Non ter cursado a materia en 4º da ESO suporá unha dificultade engadida ao xa de por si notable salto conceptual que implica a asimilación dos contidos en 1º de bacharelato.

En resumo, a materia ofrece unha visión ampla e básica dos fenómenos da natureza relacionados coa materia, o movemento, as forzas e a enerxía, e fornece ao alumnado de conceptos importantes que precisará se quere proseguir os seus estudos pola rama das Ciencias Puras ou da Saúde.